

REORGA

NI CÉ MO NOS

Semana Europea da Prevención de Residuos 2020

A Semana Europea da Prevención de Residuos constitúe unha oportunidade para reflexionar sobre os nosos hábitos e comportamentos respecto da xestión dos refugallos que producimos cada día e adoptar aquelas prácticas que nos permitan facela máis sostible desde a dimensión ambiental, económica e social.

Co lema “REORGANicémonos”, Sogama, en estreita colaboración co Concello de Arteixo, pretende apelar á necesidade de introducir orde e organización no noso día a día. E como facelo? Pois consumindo de forma responsable, reducindo a produción de residuos e contribuíndo á reciclaxe a través dunha correcta separación dos mesmos en orixe e posterior depósito nos contedores axeitados.


Só así poderemos propiciar a reciclaxe e alcanzar os beneficios que esta trae consigo: protección da contorna, aforro de recursos, menor gasto económico e maior benestar social.

CONTEDOR AMARELO



Envases de plástico, latas e briks, pero nunca plásticos que non sexan envases nin envoltorios.

- Botellas e botes de plástico.
- Tubos de dentífrico.
- Bandexas de aluminio, porexpán ou corcho branco.
- Redes de envoltorios de froitas ou verduras.
- Plásticos filme e bolsas de plástico.
- Briks.
- Latas de conservas e de bebidas.




CONTEDOR AZUL



Papel e cartón.

- Xornais e revistas.
- Cadernos sen anelas, sen grampas e sen arames.
- Papel de envolver ou de embalar.
- Caixas de cartón (de galletas, cereais, zapatos,).
- Envases de papel (de arroz, fariña, azucre).
- Cartóns de ovos.
- Acolchado de embalaxes (cando sexa de papel ou cartón).
- Libros.



CONTEDOR VERDE



Envases de vidro.

- Botellas de vidro de calquera cor.
- Tarros de vidro.
- Frascos de conservas.
- Tarros de cosmética e perfumería.




CONTEDOR GRIS



Fracción resto.

- Papel de aluminio sucio.
- Coiro.
- Bolígrafos.
- Pequenos obxectos plásticos, metálicos ou de madeira de uso caseiro que non sexan envases.
- Pequenos xoguetes de plástico.



CONTEADOR MARRÓN



Esta campaña presta especial atención ao contedor de tapa marrón, destinado a acoller a materia orgánica:

- Restos de alimentos.
- Papel de cociña usado e panos de papel (sen restos de aceite).
- Pousos de café e bolsiñas de infusións.
- Restos de plantas, flores, follas secas, herba e pequenos restos de poda e hortas.
- Tapóns de corcho natural.

É conveniente que a materia orgánica se deposite en bolsas biodegradables

